| DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO | CONCELLERÍA DE CULTURA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ | CONCELLO DE VIGO |
|---|---|---|

# AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2020

## ANEXO I. SOLICITUDE

| DATOS SOLICITANTE | |
|---|---|
| Nome: | NIF: |
| Enderezo: | Tfno.: |
| Localidade: | C.P.: |
| Persoa de contacto: | Tfno.: |

| **DATOS REPRESENTANTE** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) | |
|---|---|
| Nome: | NIF: |

**DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a:

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil seguintes:

Tfno. Móbil: Correo Electrónico:

Elección do medio de notificación preferente (as persoas obrigadas polo art. 14.2 LPAC a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos unha opción diferente):

☐ Electrónica

☐ Postal (só para persoas físicas non obrigadas que no optan pola notificación electrónica; cubrir o enderezo só se é distinto do anterior):

Enderezo:

Localidade: C.P.:

| DATOS BANCARIOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Banco: | | | | | | | |
| Número da conta (24 díxitos): IBAN | ES | | | | | | |

**Información básica sobre protección de datos**

Os datos persoais facilitados neste procedemento, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o procedemento correspondente a convocatoria do ano 2020.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar na convocatoria.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

# ANEXO I (continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. **Non ter solicitada** ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas de igual natureza. ☐

2. **Ter solicitadas e/ou concedidas** as seguintes subvencións de administracións ou entidades públicas da mesma natureza: ☐

| Solicitada | Concedida | Ano | Organismo | Orde regulación | Concepto | Importe (€) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |

3. **Ter concedidas en réxime de minimis** (Regulamento (UE) núm 1407/2013) neste ano e os dous anos anteriores as axudas seguintes: ☐

| Solicitada | Concedida | Ano | Organismo | Orde regulación | Concepto | Importe (€) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |
| ☐ | ☐ | | | | | |

O/A solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

4. **Que os datos** contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan **son certos**.

5. **Que reúno os requisitos previstos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), o art. 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia (LSG) e os esixidos para concorrer á presente convocatoria**.

6. **Que acepto (agás oposición expresa á consulta) as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e pola Comisión de Valoración e Seguimento** para a tramitación do presente procedemento de acordo co disposto nas bases da convocatoria.

**AUTORIZO EXPRESAMENTE á consulta ás Administracións Públicas dos seguintes datos** (marcar as celas daqueles documentos para os que autoriza a consulta telemática).

**No caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirase á sociedade.**

☐ Verificación de estar ao día das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)

☐ Da empresa ☐ Do/a promotor/a ……………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………

☐ Verificación de estar ao día das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)

☐ Da empresa ☐ Do/a promotor/a ……………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………

☐ Verificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social (TXSS)

☐ Da empresa ☐ Do/a promotor/a ……………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………

☐ Verificación de estar ao día das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo

☐ Da empresa ☐ Do/a promotor/a ……………………………………………………………………………………
……………………………………………………………………………………………………………………

No caso de non marcar autorización expresa, terá que achegar as ***Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social***, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

## ANEXO I. SOLICITUDE- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

☐ **Anexo I**. **Solicitude**

☐ **Anexo II. Declaración responsable**

☐ **Anexo III. Memoria xustificativa do proxecto empresarial**.

☐ Se o solicitante é **persoa xurídica**: copia do **documento de constitución da empresa e**, de ser o caso, documentación acreditativa **da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade** de quen asina a solicitude.

☐ **Alta no IAE** da entidade ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.

☐ **Alta** no réxime da **Seguridade Social** ou certificado da mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.

☐ **Vida laboral** das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo e de todos os promotores cunha porcentaxe de participación superior ao 10% do capital social da empresa.

☐ **Facturas dos gastos para os que se solicita a subvención** xunto coa **póliza do seguro** e **contrato de aluguer**, no seu caso. Computaranse as facturas sempre que estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa e cos importes en euros (no seu defecto, achegarase xustificante de pagamento acreditativo do seu valor en euros).

**- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** das facturas orixinais en papel e/ou dos demais documentos de valor probatorio equivalente **para os solicitantes obrigados e aqueles que opten voluntariamente** (art. 14.2 LPAC).

- **Facturas orixinais** polo importe total da subvención outorgada **para os solicitantes non obrigados** (art. 14.2 LPAC).

*A xustificación do pagamento dos gastos obxecto da subvención deberase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o emisor e o receptor do pagamento.*

*Non se admitirán como xustificantes de gasto os albaráns, as notas de entrega nin as facturas proforma. Tampouco se admitirán os pagos en efectivo.*

☐ **Anexo IV. Relación de facturas presentadas**

☐ **Comunicación previa** de inicio de actividade, Comunicación previa de obra ou Comunicación previa de Cambio de titularidade cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.

☐ Certificados e/ou documentos que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.

**Documentación a presentar para a avaliación** (apartado 1.6 das bases)**:**

☐ **Certificado** emitido polo concello de **ILE/PEIM** ou declaración da súa obtención ou número de expediente da súa concesión.

☐ **Certificados ou documentos que demostren a situación social dos promotores autoempregados** segundo o apartado 1.6 relativo aos "Criterios de avaliación".

☐ **Anexo V**. **Consulta do padrón municipal ou**, no seu defecto, **xustificante de empadroamento.**

☐ No caso de **contratación de persoal**:

Persoal por conta allea:

1. Informe de Vida laboral completo das persoas traballadoras contratadas.
2. Copia do/s contrato/s de traballo rexistrado/s no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).
3. Volante de empadroamento ou, no seu defecto, Anexo V. Autorización para solicitar información do padrón municipal do persoal contratado.

Autónomo/a colaborador/a:

1. Informe de Vida laboral completo.
2. Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras (no que figure o seu vínculo coa empresa).
3. Volante de empadroamento ou, no seu defecto, Anexo V. Autorización para obtención de datos do padrón municipal do persoal contratado.

☐ Calquera medio que probe o **emprego da lingua galega** na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, …).

☐ Certificados e/ou documento que a persoa solicitante estime oportuno para a súa avaliación.

**OS SOLICITANTES OBRIGADOS POLO ART. 14.2 LPAC E AQUELES QUE VOLUNTARIAMENTE OPTEN POLA TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA:**

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- os documentos que requiran sinatura, asinaranse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos ou falte algún documento que resulte esixible, requirirase á/ás persoa/s interesada/s para que no prazo de 10 días emende a falta ou aporte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, terase por desistido da súa solicitude, arquivándose esta previa resolución que será ditada nos termos previstos na LPAC.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

*Os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica, asinarán electrónicamente este formulario antes de achegalo a través da sede electrónica.*

*Vigo, ……. de …........................... de 2020*

*(Sinatura do/a solicitante ou representante)*